

III Premio de Innovación Docente

Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Universidade de Santiago de Compostela

BASES DA CONVOCATORIA

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela quere fomentar e recoñecer a calidade da actividade docente do seu profesorado, recoñecendo a importancia da tarefa docente para a consecución dun ensino de calidade que contribúa á formación do estudantado nas competencias necesarias para o exercicio da súa profesión futura.

A través do III Premio de Innovación Docente quérese recoñecer o esforzo do profesorado na posta en práctica de accións innovadoras para a mellora da docencia e o desenvolvemento das competencias.

1. Obxecto

O obxectivo principal da convocatoria é promover, recoñecer e difundir as boas prácticas docentes desenvolvidas polo profesorado da Facultade nos estudos de grao ou máster. Valoraranse especialmente aqueles proxectos con continuidade na súa posta en práctica.

2. Dotación

Entregarase un premio consistente nun diploma acreditativo e unha dotación económica de 400 euros e o xurado resérvase a posibilidade de outorgar unha mención honorífica, sen dotación económica. Ademais, tódalas iniciativas presentadas pasarán a formar parte do repositorio de boas prácticas de innovación na web da Facultade (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias-economicas-empresariais/premio-innovacion-docente>). Así mesmo, valorarase a posibilidade de organizar unha xornada para a presentación das propostas presentadas.

A dotación económica darase a través de axudas para a inscrición a congresos, gastos derivados de charlas ou visitas que se poidan ofrecer ao alumnado co fin de enriquecer a docencia ou outras actividades de innovación docente.

Unha vez concedido o premio, daranse instrucións en relación co procedemento de tramitación da proposta de gasto para a súa xustificación de acordo coa normativa existente. O gasto deberá facerse en calquera caso antes do peche do orzamento do ano 2025.

O acto de entrega do premio farase coincidir, de ser posible, coa celebración do patrón da Facultade.

O xurado resérvase a posibilidade de interpretar as bases e de declarar deserto o premio se estima que os traballos presentado non reúnen a calidade necesaria.

3. Requisitos de participación

Poderá optar todo o profesorado da Facultade que teña desenvolvido unha experiencia de innovación docente nos cursos 2021/2022, 2022/2023, 2023/2024 ou que estea levándose a cabo no curso 2024/2025 nos títulos da Facultade, sempre que estas se iniciasen antes desta convocatoria. En todo caso, as experiencias innovadoras estarán relacionadas con:

- Incorporación de metodoloxías activas e/ou procesos de avaliación formativa no proceso de ensino e aprendizaxe.
- Emprego de recursos dixitais para a dixitalización da docencia.
- Incorporación de aspectos referidos á inclusión, igualdade e sostenibilidade nas prácticas docentes.
- Innovacións no desenvolvemento e tutela das prácticas externas.

Cada persoa so poderá participar nunha proposta ou proxecto presentado a esta Convocatoria, sexa individual ou en grupo. O incumprimento deste requisito significará a non valoración dos proxectos afectados por parte do xurado.

4. Procedemento de solicitude

As solicitudes deberán presentarse no prazo fixado. As propostas faranse chegar ao correo electrónico ecoade.decanato@usc.es, achegando as evidencias oportunas (programa, guía docente, etc) e indicando no asunto: Premio Innovación Docente.

As propostas deberán presentar unha descrición do proxecto ou experiencia de innovación docente no formato que recolle o Anexo I.

En caso necesario, poderán incorporarse enlaces web a repositorios online (OneDrive) ou webs onde se poida atopar contido multimedia ou material docente empregado no desenvolvemento do proxecto ou experiencia docente. Estes deberán ser de acceso aberto e accesibles a toda a comunidade universitaria.

5. Obrigas dos participantes

A organización resérvase o dereito a esixir aos/as participantes que acrediten a súa titularidade sobre o proxecto presentado e, no caso de existir coautores/as, a autorización prestada polos/as mesmos/as para a inscrición da obra no premio.

Os participantes deberán colaborar na difusión dos iniciativas presentadas, en caso de que se lles solicite.

6. Prazo de presentación

Dende o 7 de febreiro ás 00:00h ao 7 de marzo ás 23:59h.

7. Criterios para a concesión

Todas as propostas competirán nunha única categoría. Entre os criterios para a valoración das candidaturas teranse en conta, entre outros:

- Carácter innovador do proxecto ou experiencia docente
- Calidade do contido, metodoloxía e/ou materiais do proxecto
- Relevancia dos resultados obtidos e impacto na mellora da calidade do ensino
- Continuidade na súa posta en práctica e posibilidade de trasladar a outros ámbitos do ensino universitario os métodos aplicados.

8. Comisión avaliadora

A valoración realizarase por un Xurado coa seguinte composición:

- Vicerreitor/a de Titulacións e Internacionalización ou persoa en quen delegue.
- Decano ou persoa en quen delegue.
- 2 Representantes docentes externos á Facultade.
- Representante do estudantado da Facultade.

9. Selección e fallo do premio

O fallo do premio será inapelable non existindo recurso posible.

A presentación ao premio supón a aceptación destas bases na súa totalidade.

O III Premio de Innovación Docente da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais foi aprobado pola Xunta de Facultade o día 5 de febreiro de 2025.

ANEXO I

Solicitude* de participación na III convocatoria do Premio de Innovación Docente da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela

Título da iniciativa
Materia (curso, titulación e nome da materia)
Obxectivos
Descrición e duración
Resultados obtidos
Dificultade ou esixencia para o estudantado
Vantaxes e dificultades
Recursos ou ferramentas empregados

*Prégase brevidade e concisión na descrición e na avaliación da práctica. A lonxitude máxima da solicitude é de 5 páxinas en total.

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: XOAN RAMÓN DOLDÁN GARCÍA, NIF ***3205**, 07/02/2025 14:25:01.

CSV: B609-661F-4950-AB3E